

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 29 DE DECEMBRO DE 2022

Ás 10:05 horas do día 29 de decembro de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 26 de decembro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Abel Fermin Losada Álvarez

Vocais: D^a. Susana García Álvarez, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe da Área de Investimentos (asiste aos puntos 3a e 11d)
D^a. Luz María González Domínguez, xefa do Departamento Administrativo de Alcaldía (asiste aos puntos 2b, 4b e 11e)
D^a. Cristina Chao Polo, xefa do Servizo de Festas (asiste aos puntos 11a e 11b)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e posta en valor do patrimonio oral no Centro de interpretación da oralidade de Vigo (CIOV) (3.124-334)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. ASOCIACIÓN ORAL DE GALICIA
2. NORFORMACIÓN S.L.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:38	Páxina 1 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH47-5B2623-264785-RBDAUX-99DDN9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.277-101)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa desenscriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a SACAFERRO, S.L. por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

3.- Apertura administrativa e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación das obras de redutores de velocidade no termo municipal do Concello de Vigo (1.364-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) e NAROM, S.L.) a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo do contrato
1	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	87.734,82 €
2	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	85.920,23 €
3	NAROM, S.L.	95.449,30 €

Asiste á apertura D^a. Begoña Rivas Baltar, con DNI **. *13.54*, en representación da Cámara de Contratistas.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, resultando correcta a documentación presentada polos licitadores.

A Mesa comproba que ningunha das ofertas contén valores anormais ou desproporcionados de conformidade cos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- do PCAP (artigo 85 do RXLCAP) e acorda, por unanimidade, ordenar as ofertas por orde ascendente segundo o previsto no apartado 7B:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:38	Páxina 2 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH47-5B2623-264785-RBDAUX-99DDN9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



	Licitador	Redución do prezo do contrato
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	85.920,23 €
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	87.734,82 €
3	NAROM, S.L.	95.449,30 €

De conformidade co anterior, á vista das actuacións e acordos desta Mesa de Contratación acórdase, por unanimidade dos asistentes, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación das obras de redutores de velocidade no termo municipal do Concello de Vigo (1.364-441) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Redución do prezo do contrato
1	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA)	85.920,23 €
2	CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.	87.734,82 €
3	NAROM, S.L.	95.449,30 €

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA) (A-36.008.886), para que presente, no prazo de sete días hábiles, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP, ao estar inscrito no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
- Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.
- Declaración responsable designando ao seu delegado coas funcións descritas na cláusula 28.11 deste prego, conforme ao modelo incluído no Anexo IV.

4.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de formación e posta en valor do patrimonio oral no Centro de interpretación da oralidade de Vigo (CIOV) (3.124-334)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:38	Páxina 3 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH47-5B2623-264785-RBDAUX-99DDN9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo da coordinación e organización de vodas e acollementos civís celebrados polo Concello de Vigo (19.277-101)

Procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" do único licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

10.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2023 (9.499-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar nos lotes deste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2023 (9.499-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 18 de novembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de produción técnica e servizos auxiliares de soporte dos actos dos REIS MAGOS no NADAL 2023.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 8 de novembro de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 11 de novembro de 2022 asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 116.208,96 €, sendo o valor estimado do contrato de 96.561,12 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de Festas para o exercicio 2023.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:38	Páxina 4 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH47-5B2623-264785-RBDAUX-99DDN9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 14 de decembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2023 (9499-335) (Lotes 2 e 3) na seguinte orde descendente:

Lote 2: Caracterización, transporte e acompañamento dos Reis Magos

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	100 puntos

Lote 3: Servizo de ambulancia

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L.	100 puntos

Segundo.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (B27793728) (Lote 2) e AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L. (B36794113) (Lote 3), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar o 15 de decembro de 2022, que presentan a documentación requirida dentro do prazo concedido.

O 15 de decembro de 2022, a concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2023 (9499-335) (Lote 1) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Total puntuación
1	SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U.	70,00



Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (B27793728) (Lote 1), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar o mesmo día. O licitador presenta a documentación requirida dentro do prazo concedido.

A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 20 de decembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 4 do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2023 (9.499-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	BARAFUNDA, S.L.	75 puntos

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".*

Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar o mesmo día. O licitador presenta a documentación requirida dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 29 de decembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:38	Páxina 6 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH47-5B2623-264785-RBDAUX-99DDN9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lotes 1 e 2), AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L. (lote 3) e BARAFUNDA, S.L. (lote 4), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lotes 1 e 2), AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L. (lote 3) e BARAFUNDA, S.L. (lote 4), de conformidade cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor (de data 12 de decembro de 2022 para o lote 1 e do 14 de decembro de 2022 para o lote 4) e cos seguintes acordos da Mesa de Contratación:

- Acordo do 14 de decembro de 2022 polo que se outorga aos licitadores clasificados nos lotes 2 e 3, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. e AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L., respectivamente, a máxima puntuación (cláusula 16.3 do PCAP) por ser os únicos admitidos en cada lote.
- Acordo do 15 de decembro de 2022 polo que se outorga ao único licitador clasificado no lote 1, SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U., a máxima puntuación (cláusula 16.3 do PCAP).
- Acordo do 20 de decembro de 2022 polo que se outorga ao único licitador clasificado no lote 4, BARAFUNDA, S.L., a máxima puntuación (cláusula 16.3 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (B-27.793.728) os lote 1 e 2 do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2023 (9.499-335) coas seguintes condicións:

- Lote 1: Cabalgata de reis



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:38	Páxina 7 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH47-5B2623-264785-RBDAUX-99DDN9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- a) O prezo total deste lote é de 90.682,43 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.738,27 euros.
- b) Incrementa o número mínimo auxiliares do grupo V en 5.

- Lote 2: Caracterización, transporte e acompañamento dos Reis Magos

- a) O prezo total deste lote é de 10.624,77 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 1.843,97 euros.
- b) O coordinador/a de caracterización ten 6 anos de experiencia en traballos de caracterización.
- c) Incremento o número mínimo de traballadores/as para a realización de tarefas de acompañamento de nenos en 5.
- d) Achega os seguintes recursos para a realización do evento:
 - 3 espellos de medio corpo con de iluminación sobre mesa
 - Carpa tipo "jaima" de 5x5 con mobiliario e luz interior para punto de encontro de nenos/as

Adxudicar a AMBULANCIAS RIAS BAIXAS, S.L. (B-36.794.113) o lote 3: Servizo de ambulancia do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2023 (9.499-335) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total deste lote é de 2.700,00 euros, exento de IVE.
- b) Comprométese á substitución de 2 ambulancias tipo B, SVB (soporte vital básico) (esixidas na cláusula C do PPT) por 2 ambulancias tipo ambulancia tipo C, SVA (soporte vital avanzado), unha do RECINTO e outra do RECORRIDO.
- c) Propón a mellora no equipamento humano co que conta unha das ambulancias esixidas para o RECINTO e outra do RECORRIDO.

Adxudicar a BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402) o lote 4: Felicitación virtual dos Reis Magos do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2023 (9.499-335) por un prezo total de 2.353,45 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 408,45 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas".

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións para a cabalgata de Reis Magos 2023 (9.500-335)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:38	Páxina 8 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH47-5B2623-264785-RBDAUX-99DDN9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións para a cabalgata de Reis Magos 2023 (9.500-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 18 de novembro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

"Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de animacións para a CABALGATA DE REIS MAGOS 2023.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 8 de novembro de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, do 9 de novembro de 2022 asinado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 119.790,00 €, sendo o valor estimado do contrato de 99.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0901 (Cabalgata de Reis) do programa orzamentario de Festas para o exercicio 2023.

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 15 de decembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Tomar razón da inadmisión de BARAFUNDA, S.L. acordada pola Mesa de Contración en sesión de 9 de decembro de 2022.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos actos dos Reis Magos no Nadal 2023 (9499-335) (Lote 1) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Total puntuación
1	BIGLAB, S.L.U.	85,00



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:38	Páxina 9 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH47-5B2623-264785-RBDAUX-99DDN9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BIGLAB, S.L.U. (B36892404) (Lote 1), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 1 o día 16 de decembro de 2022, que presenta a documentación requirida dentro do prazo concedido.

Con data do 20 de decembro de 2022, a concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no lote 2 deste procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións para a cabalgata de Reis Magos 2023 (9.500-335) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	BARAFUNDA, S.L.	90 puntos

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar no lote 2 o día 20 de decembro de 2022, que presenta a documentación requirida dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 29 de decembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:38	Páxina 10 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH47-5B2623-264785-RBDAUX-99DDN9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar en cada un dos lotes, BIGLAB, S.L.U. (lote 1) e BARAFUNDA, S.L. (lote 2), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por BIGLAB, S.L.U. (lote 1) e BARAFUNDA, S.L. (lote 2), de conformidade cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor de datas 13 (lote 1) e 19 de decembro de 2022 (lote 2) e cos acordos da Mesa de Contratación de datas 15 (lote 1) e 20 de decembro (lote 2), polos que se outorga ao único licitador admitido en cada lote a máxima puntuación (cláusula 16.2 do PCAP).

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *Tomar razón do acordo de non admisión de BARAFUNDA, S.L. do lote 1 deste procedemento, adoptado pola Mesa de Contratación na sesión do 9 de decembro de 2022, por ter presentado a proposición fóra de prazo.*
2. *Adxudicar a BIGLAB, S.L.U. (B-36.892.404) o lote 1 do procedemento aberto para a contratación do servizo de animacións para a cabalgata de Reis Magos 2023 (9.500-335) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 38.911,79 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 6.753,29 euros.*
 - b) *Incrementa o número mínimo de persoas participantes nos grupos de animacións esixidos na cláusula A do PPT en 30 persoas.*
3. *Adxudicar a BARAFUNDA, S.L. (B-27.756.402) o lote 2 do procedemento aberto*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:38	Páxina 11 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH47-5B2623-264785-RBDAUX-99DDN9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

para a contratación do servizo de animacións para a cabalgata de Reis Magos 2023 (9.500-335) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 77.823,57 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 13.506,57 euros.
- b) Incrementa o número mínimo de persoas participantes nos grupos de animacións esixidos na cláusula B do PPT en 28.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e as ofertas presentadas”.

c) Procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26.213-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo “C” para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26.213-332)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 27 de outubro de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“1º.- Aprobar a contratación a través de procedemento aberto e tramitación ordinaria da subministración de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e auga quente sanitaria das Escolas Públicas de Educación Infantil e Escolas Municipais dependentes do Servizo de Educación do Concello de Vigo.

2º.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas de 19/09/2022, redactado polo Servizo de Educación e o Prego de cláusulas administrativas particulares de data 06/10/2022 redactado polo Servizo de Contratación, que se inclúen no presente expediente para



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:38	Páxina 12 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH47-5B2623-264785-RBDAUX-99DDN9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



a contratación da subministración de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e auga quente sanitaria das Escolas Públicas de Educación Infantil e Escolas Municipais.

3º.- Aprobar o gasto por importe de 88.556,14 euros (73.186,89 euros máis 15.369,25 euros en concepto de IVE a soportar pola administración) para a contratación da subministración de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción e auga quente sanitaria das Escolas Públicas de Educación Infantil e Escolas Municipais por procedemento aberto, con cargo á aplicación orzamentaria 3230.221.0300 "Combustibles e carburantes", que se dividirá nas seguintes anualidades:

- Anualidade 2023 (de febreiro a decembro): 40.588,23 euros;
- Anualidade 2024 (de xaneiro a decembro): 44.278,07 euros
- Anualidade 2025 (xaneiro): 3.689,84 euros.

O valor estimado do contrato estipúlase en 190.285,92 euros.

4º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 1 de decembro de 2022 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26213-332) na seguinte orde descendente:

	Licitador	% de desconto ofertado sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR)
1	ESERGUI DISTESER, S.L.U.	4,5%
2	GASÓLEOS AMIGO, S.L.	0,56%

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESERGUI DISTESER, S.L.U. (B95799664), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5F do Anexo I -FEC- ("deberá ser distribuidor autorizado para a subministración de combustibles segundo Organismos Oficiais competentes e estar inscrita no Rexistro de distribuidores de produtos petrolíferos correspondente. Cumprirá os requisitos para a distribución ao pormenor de produtos petrolíferos da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos e os requisitos que sexan de aplicación do Real Decreto 2085/1994, do 20 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Petrolíferas e as súas ITCs, así como a normativa autonómica vixente de aplicación").
3. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do



prego de cláusulas administrativas particulares.”

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, ESERGUI DISTESER, S.L.U., o día 2 de decembro de 2022, que presenta a documentación requirida o 19 de decembro, dentro do prazo concedido.

A Mesa de Contratación, na sesión do 22 de decembro de 2022, acordou conceder un prazo de tres días a ESERGUI DISTESER, S.L.U. para que puidese emendar a documentación presentada. Durante o prazo concedido, o 27 de decembro, o licitador presentou nova documentación.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 29 de decembro de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar ESERGUI DISTESER, S.L.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por ESERGUI DISTESER, S.L.U., de acordo c informe de valoración das proposicións avaliadas mediante fórmula de data 23 de novembro de 2022.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:38	Páxina 14 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH47-5B2623-264785-RBDAUX-99DDN9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a ESERGUI DISTESER, S.L.U. (B-95.799.664) o procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo "C" para as instalacións de calefacción e produción de auga quente sanitaria (AQS) nos colexios públicos de educación infantil e escolas municipais dependentes do Concello de Vigo (26.213-332) por un prezo máximo de 88.556,14 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 15.369,25 euros e cun desconto sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR) do 4,5%.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

d) Procedemento aberto para a contratación do subministro de combustibles e AdBlue destinados á flota de vehículos e maquinaria municipais xestionados polo Servizo do Parque Móbil (15.373-445) (lote 1)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación comunica que con data do 16 de decembro se notificou ao licitador clasificado en primeiro lugar, RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U., a resolución de clasificación e o requirimento da documentación esixida polo artigo 150.2 do PCAP. Durante o prazo concedido o licitador presentou documentación.

Unha vez revisada, a Mesa acorda, por unanimidade, conceder un prazo de tres días a RED ESPAÑOLA DE SERVICIOS, S.A.U. para que poida presentar a seguinte documentación:

- Acreditación da solvencia técnica segundo o esixido na cláusula 8.8.3º do PCAP (*"Unha relación dos principais subministros, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita subministros por importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do prezo do contrato [...]. Para determinar se un subministro é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV. Os subministros efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación"*).
- Anexo IV do PCAP "DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO LICITADOR QUE RESULTE CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR"
- Anexo V do PCAP "DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES (DACI) PARA OS CONTRATISTAS E SUBCONTRATISTAS"



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:38	Páxina 15 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH47-5B2623-264785-RBDAUX-99DDN9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Así mesmo, infórmase que o importe da garantía depositada (48.192,15 euros) excede do esixido e indicado na notificación do 16 de decembro (47.975,21 euros), polo que poderá constituír un novo aval e solicitar a devolución do xa depositado.

e) Procedemento aberto para a contratación do subministro de flores para centros decorativos para escenarios; centros/ramos conmemorativos ou funerarios; e coroas conmemorativas ou funerarias (19.222-101)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación comunica que con data do 15 de decembro se notificou aos licitadores clasificados en primeiro lugar, M. DESIRÉ PEREIRA MOREIRA (lote 1) e ÁNGEL COVELO, S.L. (lotes 2 e 3), a resolución de clasificación e o requirimento da documentación esixida polo artigo 150.2 do PCAP. Durante o prazo concedido os licitadores presentaron documentación.

Unha vez revisada, a Mesa acorda, por unanimidade, concederlles un prazo de tres días para que poidan emendar a documentación presentada:

- M. DESIRÉ PEREIRA MOREIRA (lote 1): deberá acreditar correctamente tanto a solvencia económica como a solvencia técnica, de conformidade co esixido na cláusula 8.8.3º do PCAP
 - Solvencia económica: "Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil. De non existir obriga de depósito de contas nun rexistro público, poderá acreditarse mediante a presentación de calquera modelo oficial declarado ante a Axencia Tributaria onde quede reflectido o volume anual de negocios"
 - Solvencia técnica: "Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constituían o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% [...] do prezo do contrato. [...] Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a realización da prestación".
- ÁNGEL COVELO, S.L. (lotes 2 e 3): deberá acreditar a solvencia técnica de conformidade co esixido na cláusula 8.8.3º do PCAP e achegar o anexo IV do PCAP "DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO LICITADOR QUE RESULTE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:38	Páxina 16 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH47-5B2623-264785-RBDAUX-99DDN9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



CLASIFICADO EN PRIMEIRO LUGAR” debidamente cumprimentado e asinado dixitalmente,

Así mesmo, faise constar que as garantías depositadas por ambos os dous licitadores exceden do importe esixido por mor dun erro nos importes recollidos na notificación enviada o 15 de decembro de 2022 (que incluía o IVE) polo que procede a devolución da parte correspondente aos licitadores.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 10:45 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/04/2024 03:38	Páxina 17 de 17
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AAAH47-5B2623-264785-RBDAUX-99DDN9-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		